

Armando Requeixo



## ESCRITA CONTEMPORÁNEA

Por veces un ten a sensación de que hai instalada no país unha febre ben acusada por criticar toda canta iniciativa cultural en xeral e literaria en particular levan adiante as institucións ou plataformas dese eido en Galicia. Nada parece estar ben ou nada semella ser suficiente e o deporte de criticar por criticar faise endémico. Non nos facemos favor con esta actitude. A cultura e a literatura galegas non avanzarán cos apocalípticos.

Dito isto, tampouco vou ser eu quien defenda que vivimos nunha Arcadia fisterrá. E menos coa que anda a caer. Ora ben, de aí a negar os obxectivos avances que neste campo se produciron –con tirios e troianos, nas súas correspondentes proporcións, sexamos xustos– sería faltar á verdade e negar o evidente.

A propósito do que escribo quero salientar o quefacer que a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) vén desenvolvendo desde hai tempo na promoción, difusión e recoñecemento daquellas realidades do sistema literario de noso que, por diversos motivos, padecen dunha manifesta invisibilidade que acaba por afastalas irremediablemente do centro de consagración canónico e ainda do favor do lectorado xeral e mesmo masivo de best, long e megasellers.

Neste sentido, a recente publicación na colección "Escruta Contemporánea" das actas de dúas xornadas celebradas o ano pasado sobre a escrita das autoras e autores novos e/noveis e mais do imaginario popular da literatura galega de tradición oral confirmamme na opinión de que o labor realizado pola AELG en determinados ámbitos non só é conveniente, senón de todo pun-

to necesario, polo que os seus esforzos nesta liña merecen ser apreciados.

"Entre dous séculos. III Encontro de novos escritores/as" recolle os relatos e comunicacions de preto dunha trentena de autoras/es "novas" que tiveron lugar hai agora un ano nunha xuntanza no Pazo de Mariñán.



"Entre dous séculos. III Encontro de novos escritores"

VV.AA.  
AELG

Nos interesan-  
tes e diversos  
textos que ali  
se presentan  
hai unha co-  
mún vontade  
por reflexionar  
sobre o acto  
creativo e lite-  
rario en senti-  
do amplio e, no-  
meadamente,  
verbo da signi-  
ficación da es-  
crita das xera-  
ciones más mo-  
zas en Galicia,  
inclusive sobre  
o alcance, sen-  
tido e validez  
do propio críte-  
rio xeracional  
como contedor  
acuído para  
aglutinar bai-  
xo o seu rótulo  
a tantas e  
tan dispares propostas autorais.

De entre o nutrido conxunto de achegas gustariamente recomendarías algunas lecturas particularmente, como as lúcidas reflexións do poeta Carlos Negro, as descridas e autocriticas opiniós do dramaturgo Rubén Ruibal ou as meditadas e reveladoras palabras do novelista Xurxo Sierra Veloso. Todos tres, dende o cultivo de diferentes xéneros e a necesaria complementariedade de pareces, iluminan o complexo dun tema como o da escrita "moza" e as "novas xeracións", tan polémico de por si.

O segundo dos volumes sobre o que quero chamar a atención son as "Actas da I Xornada de Literatura Oral. A figura do demo na literatura de tradición oral", celebradas en Lugo, tamén no outubro pasado, baixo a coordinación dos investigadores e creadores Isidro Novo e Antonio Reigosa. O libro, que compila os textos de catro conferencias e dúas mesas redondas, ofrece aproximacións á figura do diaño na nosa literatura e na doutros pobos máis ou menos próximos. Sabemos así dos "Casos de posesión diabólica en Galicia" grazas a Xosé Miranda, de "Deus e o demo na literatura de tradición oral" por J. M. Pedrosa, dos "Libros do demo, grixorios e cipriánillos" polas palabras de Félix Castro Vicente ou "O poder do demo sobre os tesouros escondidos" polo que del conta Peter Missler.

Así pois, non queda senón recoñecer o acerto da AELG, promotor destas iniciativas, así como a intensa dedicación daqueles que fixeron posible todas estas xornadas que agora se ven publicadas, para gozo de todas e todos os que a elas queiran achegarse.



"Actas da I Xornada de Literatura Oral. A figura do demo na literatura de tradición oral"

VV.AA.  
AELG